

CONVENIO ENTRE LA SECRETARÍA GENERAL DE LA EMIGRACIÓN DE LA XUNTA DE GALICIA E O COLEXIO DE REXISTRADORES DA PROPIEDAD, MERCANTÍS E BENS MOBLES DE ESPAÑA - DECANATO AUTONÓMICO DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e Bens Mobles de España (no sucesivo, o Colexio de Rexistradores) o instrumento convencional arriba referido que entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e terá unha duración de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes coa finalidade de realizar as actuacións precisas e necesarias para detectar inmobles propiedade das persoas emigrantes galegas.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Ilustre Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles de España é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade, con competencia sobre os seus colexiados en todo o territorio nacional, segundo define o Real decreto 483/1997, do 14 de abril, polo que se aproban os seus estatutos. Ten como fins, entre outros, o de colaborar coas administracións públicas e institucións, prestando os servizos e realizando as funcións que lle sexan propias en interese delas. O Decanato Autonómico ou Territorial de Galicia ten entre as súas funcións a de velar polos intereses dos rexistradores no ámbito específico do seu territorio, así como aqueloutras competencias delegadas pola Xunta de Goberno do Colexio.



Dentro das funcións propias dos rexistradores atópase a organización e xestión das bases de datos necesarias para realizar a función de publicidade instrumental, institucional e estatística das titularidades, dereitos e situación rexistradas nos rexistros da propiedade, así como a expedición, de forma exclusiva, da publicidade formal.

O Colexio de Rexistradores, como entidade integrante da sociedade galega na que se desenvolve, é consciente da problemática orixinada pola emigración e desexa colaborar desinteresadamente para paliar, dentro das súas posibilidades e no ámbito das súas competencias, a ausencia de información sobre a existencia de bens inmobles dos que poden ser titulares todas aquelas persoas que actualmente se atopan fóra das nosas fronteiras por razón da emigración. Deste xeito pode contribuír a conseguir un dos principais fins da Secretaría Xeral da Emigración, como é o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior e o achegamento e integración da emigración galega.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

